



XUNTA
DE GALICIA


INSTITUTO DE
EDUCACIÓN SECUNDARIA
LAMAS DE CASTELO
15027885



Curso 2022/23

Memoria de actividades

Biblioteca Escolar IES Lamas de Castelo (Plambe 2022-2023)





1. Introducción

Aproveitamos este espazo para analizar os aspectos positivos e negativos que se derivan da pertenza ao PLAMBE.

- **En relación coa existencia física da biblioteca escolar:** o feito de **pertencer ao PLAMBE garante que haxa unha mínima xestión, dinamización e funcionamento correcto da biblioteca escolar**. En particular para centros educativos galegos que non contan cun apoio firme dos equipos directivos... que a miúdo pode verse dificultado dende a Inspección Educativa, con escasas ou nulas concesións a nivel de recursos humanos nin dedicación horaria. A contrapartida negativa é que, agora que toda a documentación está sendo xestionada directamente pola Consellería, todo se está a volver cada vez máis complicado: primeiro, polo **solapamento de datas de entrega de memoria e avaliacións** (tal e como está organizado agora o calendario escolar, cómpre estar avaliando ao alumnado durante o mes de xuño... e debémonos á nosa obriga de atender á avaliación antes que á biblioteca, mal que nos pese) e segundo, polas dificultades engadidas de utilizar a nova plataforma de **Programa Bibliotecas**. Certo é que isto non era así hai non tanto. Creo que non seremos os únicos en botar de menos aqueles tempos onde a recollida da documentación estaba xestionada directamente pola Asesoría de Bibliotecas Escolares... o formato dos documentos descargables e o funcionamento da web non tiñan falla! De non ser por todos os avances logrados grazas ao traballo do equipo da Asesoría, as Bibliotecas Escolares galegas non serían o obxecto de respecto e admiración que son actualmente.
- **En relación coa xestión informatizada dos fondos:** o MEIGA sempre foi un bo programa de xestión, e a súa opac de consulta na web estaba realmente ben (certo que era moito máis “individual e pechado”, particular de cada centro). Agora, como centro recentemente migrado a KOHA, estamos a sufrir das diferenzas de utilidade e uso entre ambos: a compatibilidade das bases de datos de un e outro non é nin de lonxe total, e entre as diferenzas entre elas, e as fusións dos rexistros coincidentes do mesmo título nun único... cambia moito o rexistro e catalogación dos fondos, e non sempre para ben, o que implica un labor de revisión eterna dos rexistros para detectar e depurar fallos de catalogación... Para isto, cumpriría persoal altamente cualificado, e con dedicación case exclusiva (e xa sabemos que para a Consellería e a Inspección Educativa somos profesorado, e polo tanto, deberíamos estar co 100% do noso horario de atención directa ao alumnado). Así e todo, hai moito profesorado que de maneira voluntaria e altruísta o está a facer coa mellor das disposicións, dentro das súas posibilidades e cun alto custe de desgaste persoal pola inversión de tempo (sácase de onde non hai). Porén, si que é certo que a unificación de criterios na catalogación dos fondos pode levar as nosas Bibliotecas Escolares a outro nivel, e KOHA revélase como unha aplicación de xestión bibliotecaria profesional con moitas posibilidades... só que queda un percorrido se cadra longo antes de saír das primeiras versións coas que estamos traballando.

2. Descrición das actividades desenvolvidas

- a) **Membros do equipo de BE e horarios oficiais:** este curso somos tres profesoras no equipo, Renée Huerta Latrielle, coordinadora, con 5 horas de dedicación, 1 h de reunión do equipo e tres recreos semanais, M^a Luz Barreiro Otero, membro do equipo, con 1 h de dedicación, 1 h de reunión do equipo e dous recreos, e María Ángeles Abeledo Penas, membro do equipo con 1 h de dedicación e 1 h de reunión do equipo. **Horarios reais:** o tempo reflectido nos horarios da coordinadora e o equipo melloraron significativamente (de feito, nunca tivemos tanta dedicación horaria dende que entramos no PLAMBE) e estamos facendo todas as actividades que podemos. Porén e particularmente dende a nosa migración a KOHA, a coordinadora veuse absorbida pola aprendizaxe do manexo desta plataforma, pois



son moitas as diferenzas de funcionamento do programa MEIGA e a plataforma KOHA. E seguen sendo moitos os ámbitos aos que cómpre atender: xestión de adquisicións e contabilidade, dinamización, formación e a máis pesada e ingrata, a burocracia que todo isto supón, polo que estamos engadindo moitas horas “voluntarias” para poder realizar actividades de fomento con alumnado e/ou profesorado.


- Xestión de usuarios/as:** nos primeiros días do curso deuse de alta a todo o alumnado e profesorado novo, aínda en MEIGA. Tamén a unha familia, dentro do noso programa “*Familias lectoras*”, entre as que temos . Xa non imprimimos os carnés, pois non son necesarios e así aforramos un gasto en materiais. Dende as primeiras semanas do curso, xa temos a alumnado interesado en participar nos clubs de lectura e ser voluntarios/as de biblioteca.
- Implicación dos departamentos:** Colabórase estreitamente coas materias de LG, LC, FR, XeH^a, BiXe e V. Éticos/EVCE e o departamento de EDLG en varias actividades conmemorativas. Ver na web: [18 Outubro](#); [25 Novembro](#); [Día de Rosalía, 8M...](#) Buscamos implicar a departamentos de ciencias, en particular o de Bioloxía, adquirindo todos os libros que suxire e incluíndoos nos nosos listados para o club de lectura de ciencia. As PTs e coidadora do centro son usuarias asiduas á BE para o préstamo, e no Club de lectura de *Feminismo e identidade* temos integradas á profesora de XeH^a e a coidadora da UEE.
- Xestión do espazo físico nos andeis:** Continuamos a buscar o modo de deixarlle aínda máis espazo á certas CDUs, como a 141 (feminismo, igualdade e identidades, que sigue crescendo pola actividade do club de lectura de *Feminismo e identidades*), 159 (psicoloxía, emocións..) e 10 (filosofía), e “airear” o resto de seccións do 22 ata o 929 enviando os libros menos utilizados a departamentos ou aulas e tamén grazas aos expurgos feitos pola compañeira de equipo BE na sección 82-G (literatura galega). Tamén estamos reorganizando e buscándolle gañar espazo á sección de BD, pois está en crecemento continuo, en gran parte debido ao labor do *Club de lectura de BD*. Neste sentido usamos unha pequena parte do orzamento para comprar unha librería-estantería de cubos coa que aproveitaremos mellor o espazo arredor dunha columna.
- Selección, adquisición, e rexistro e catalogación dos fondos:** procuramos diversificar e modernizar a colección, incluíndo as as peticións de profesorado e alumnado e xestionando tanto os orzamentos do PLAMBE 2022-23 como os do Club de Lectura 2023 ou o propio do centro. Este curso dos 11500 dos que partiamos aínda en Meiga, xa catalogamos en KOHA ata o R11752 e mesmo temos previsto acadar para final do curso preto dos 11800 (temos algúns libros, BD e revistas monográficas pendentes de catalogar). Continuamos coa nosa política de adquisición de fondos a favor do fomento da autoría feminina e do material en lingua galega, sen perder de vista as novidades editoriais, en particular as de tipo informativo (revistas e libros monográficos, libro divulgativo e ensaio).

Comparemos os datos numéricos respecto das adquisicións por lingua e sexo dende que aplicamos estas políticas de adquisicións:

- Gráficas por lingua e autoría (feminina/ masculina/ outros) dos 3 últimos cursos:

Ano PLAMBE	Porcentaxes adquisicións por lingua				
	Galego	Castelán	Inglés	Francés	Outras
PLAMBE 20-21	41,07	42,86	16,07	0	0
PLAMBE 21-22	39,62	60,38	0	0	0
PLAMBE 22-23	48,57	50	1,43	0	0


Ano PLAMBE	Porcentaxes adquisicións por sexo/autoría			
	Home	Muller	Eq. mixto	Outros
PLAMBE 20-21	48,21	48,21	3,57	0
PLAMBE 21-22	46,23	48,11	5,66	0
PLAMBE 22-23	42,86	52,86	4,29	0



Destas gráficas interesa o esforzo por manter ou recuperar o equilibrio de materiais en galego/ castelán, e o progresivo descenso da autoría masculina en favor da feminina. Todo isto, sen minguar a diversidade e calidade dos materiais seleccionados.




- Visualizamos e comparamos as gráficas das adquisicións a cargo do PLAMBE dos 4 últimos anos:



Nestas gráficas queda patente a evolución na redución do libro de ficción en favor do **informativo**. Observemos o seu crecemento paulatino a través dos 4 últimos cursos: **18,76%** no 2018-19 \geq **18,31%** no 2019-20 $<$ **23%** no 2020-21 $<$ **27%** no 2021-22, só cos orzamentos PLAMBE. Para maior e máis detallada información dos títulos concretos adquiridos este curso dentro del, aconsellamos ver o informe de [Gastos finais PLAMBE 2022-23](#) publicado na páxina da biblioteca (web do centro).

Porén, neste curso o libro de ficción (novela, relato curto, poesía, banda deseñada) recupera o seu antigo predominio, en parte debido á renovación de fondos de LG trala expurgación feita entre o curso pasado e este. (Ver gráfica).



- e) **Ampliación e melloras na atención ao público da BE** : aténdese e xestiónase o préstamo ao alumnado nos recreos, pero tamén na aula (grazas á plataforma KOHA) e ao profesorado que o desexe nas horas de BE. Aténdese tamén a familias lectoras (nais/ pais) na propia biblioteca para recomendarlles novidades ou títulos da súa tipoloxía preferida, **en horario lectivo**.



3. Actividades desenvolvidas ao longo do curso

a) Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:

- **Seguimos promocionando as novidades** entre os usuarios da biblioteca avisando das chegadas de peticións e propoñendo títulos á comunidade e facendo incluso “*unboxing*” (no club de lectura de BD demos en chamarlle “*spoiler*”) cos lotes de libros novos recibidos ao alumnado/ profesorado interesado, o que soe levar a peticións e reservas antes incluso de catalogalos. É por isto que a miúdo na nosa biblioteca libro recién catalogado= libro prestado.
- **Difusión de servizos e actividades da biblioteca:** ver [espazo da biblioteca na páxina web](#) do instituto, remodelado e ampliado de novo este curso con axuda da X. Estudos e o asesor Abalar da nosa zona. Editáronse algunhas recomendacións con folletos^{1,2} na web³ e en papel (adxuntados nos materiais). **Porén**, hai menos publicado do desexado pois as horas de dedicación quédansenos curtas, tendo en conta o número de horas a investir para crear contidos decentes na web do centro (en Drupal), do traballo en KOHA e o resto de obrigas docentes e administrativas que temos.
- **Colaboración con outras entidades do concello/ comarca.** Mantemos a colaboración coa librería local, [Chorima](#), de Carnota, e seguimos colaborando co Concello de Carnota (Concellería de Cultura e SNL) no 25N (lectura pública na biblioteca), no Día de Rosalía (recital [no centro](#) e [no Concello](#)) e durante as Xornadas Culturais (Obradoiro [Música e lingua con Zënzar](#)). Tamén cos nosos veciños da E.I. A Galiña Azul de Carnota (*Mochila viaxeira*, apadriñamento lector).



- **Integración progresiva de pais e nais nas actividades organizadas pola biblioteca.** Non temos programa de *Familias lectoras*, pero así e todo, estamos tentando de darlle entrada ás familias do noso alumnado na biblioteca e nas súas actividades... E pouco a pouco se van animando, dende a vir buscar libros á biblioteca en horario lectivo, como a participar nas nosas lecturas públicas.





- Realizáronse as seguintes **actividades e exposicións monográficas relacionadas coas datas celebradas dende a nosa biblioteca, e tamén nas aulas:**

<p>18O (Día das escritoras) Nas aulas: Lecturas e traballos nestas materias Día Escritoras 22LG 1º-2ºESO.pdf Día Escritoras 22LG 3º-4ºESO.pdf Día Escritoras 22LC 1º-2ºESO.pdf Día Escritoras 22LC 3º-4ºESO.pdf Día Escritoras 22ORATª 3ºESO.pdf Día Escritoras 22 XeHª-2º.pdf Día Escritoras 22 XeHª-3º.pdf Día Escritoras 22 XeHª-4º.pdf Día Escritoras 22 EPeAV.pdf Día Escritoras 22 FR-1º.pdf Día Escritoras 22 FR-2º.pdf Día Escritoras 22 VALORES 3º4ºESO.pdf Día Escritoras INGL-2022.pdf Día Escritoras 22 CuCi-4ºESO.pdf</p>	<p>25N (Día internacional contra a violencia contra a muller) Lecturas públicas na BE nos recreos de 25 e 28/11/2022 coa colaboración de responsables do Concello, a Escola de Música e da librería Chorima. Nas aulas: Lecturas e traballos nas materias lingüísticas (LC. LG, LI e LF) así como en EVCE de 3º</p>	<p>11 de Febreiro (Día internacional da muller e a nena na ciencia) Traballos ALFIN do alumnado de P. Comp de 1º e V Éticos de 4ºESO na biblioteca. Día de Rosalía/ Poesía (23 febreiro): recital poético no hall diante da biblioteca. Participaron os departamentos de LG, LC, FR, BiXe, FQ, ORIENT, TEC, MAT, ING e a auxiliar de conversa; tamén o alumnado voluntario. Participa unha representación do Concello de Carnota</p>
<p>8M: Día Internacional da Muller Actividades nas aulas: LC: <u>1º-2ºESO</u> , <u>3º-4ºESO</u> FR:2LEF Francés: <u>1ºESO</u>, <u>2ºESO</u> <u>Cultura científica 4ºESO</u> <u>Bioloxía 4ºESO</u></p>	<p>17M Letras Galegas: F. Fernández del Riego Exposición na BE de libros, revistas e material sobre el. Traballo de ALFIN sobre os homenaxeados das Letras Galegas na historia (P. Comp. 1º)</p>	<p>Xornadas Culturais (maio'23): Charlas na biblioteca (STOP accidentes) Xogos inclusivos na biblioteca</p>

- Semana do libro: encontros con autores.** Buscamos unha data próxima ao 21 de abril para celebrar un encontro con autores. Este materializouse o 27 de abril a raíz da actividade do **club de lectura de BD**, xa que contactamos con Manel Cráneo e Brais Fierro, autores da BD **Roxín Roxal: A daga do conde**, que lemos por quendas no club. E acabamos organizando unha actividade de encontro con estes autores a tres bandas, pois colaboramos con máis centros e entidades da nosa contorna: o CEIP Plurilingüe de Louro e a Librería Chorima de Carnota. No tocante ao noso encontro e obradoiro con eles tivo lugar na nosa biblioteca. O obradoiro sobre banda deseñada foi para os membros do Club de lectura de banda deseñada e algúns poucos e escollidos alumnos e alumnas fanáticos do debuxo. Logo, houbo unha charla para todo o alumnado de 1º e 2º sobre a BD en xeral e de presentación da BD **Roxín Roxal: A daga do conde**. Rematamos cunha comida conxunta entre os autores, o equipo de Biblioteca e a libreira que rematamos pola tarde cun acto de presentación e sinatura de exemplares na Praza de Galicia de Carnota, diante da Librería Chorima.



Brais Fierro



Duelo de debuxos



Agasallos para os clubeiros



Sinatura de BDs na praza

b) Integración no tratamento do currículo

- Aplicación do Proxecto Lector: instauración da Hora de Ler no noso centro.** Este ano botou a andar esta actividade de dinamización da lectura no mes de novembro e cumpriuse semanalmente ata o final de maio. Acordamos dedicar 15 minutos ao comezo da sesión na lectura nas aulas, simultáneas e variando de semana en semana. A distribución foi graduada entre as sesións, empezando unha semana a 1ª hora, na seguinte a 2ª, logo a 3ª e así sucesivamente. O equipo de biblioteca preparou unhas caixas con materiais para cada aula e o alumnado e o profesorado podía ler eses libros ou os que trouxesen das súas casas. Os contidos das caixas fóronse renovando por petición do alumnado de cando en cando, cando xa "tiñan os libros moi vistos".



- **Actividades en colaboración con Actividades Extraescolares, EDLG, e dptos. para o Plan Anual de Lectura.** Cumprimos satisfactoriamente con este obxectivo, grazas ao esforzo e traballo do equipo de BE para xestionalo absolutamente todo.

c) Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional

Centrámonos na formación de usuarios de 1ºESO, aproveitando a materia de Proxecto Competencial, a cargo da coordinadora na propia Biblioteca.

d) Biblioteca inclusiva

- **Apadriñamentos lectores.** Fixéronse dous tipos de apadriñamento: a) co alumno da aula de EE, entre a 1ª e a 2ª avaliación co profesorado, PTs e coidadora na UEE; e b) un apadriñamento lector un tanto especial, polo Nadal: dende a biblioteca agasallamos cun libriño aos nosos veciños da gardería A Galiña Azul.
- **Atención personalizada a alumnado da UEE.** Escolleuse un día da semana (martes) para visita durante o recreo dun alumno da UEE. Nese tempo, a coordinadora xoga con él e ensínalle a facer puzzles de cubos de madeira e xogos de memoria que gustan tanto ao alumno.
- **Voluntariado.** Non fai falla facer convocatoria: o alumnado xa se presenta voluntario dende os primeiros días de clase. Este ano tivemos 6 - logo 5 - axudantes de biblioteca dentro do programa de Voluntariado na BE. Colaboraron na busca de títulos, recollida e colocación de libros en andeis, recomendación personalizada de material ao alumnado e dinamización dos xogos (ludoteca). Tamén coincide que todos eles pertencen a un ou máis clubs de lectura, e figuran entre os 10 primeiros postos dos usuarios máis lectores. (Ver lista máis abaixo, marcado en amarelo)
- **Atención aos PAS.** Os PAS están tamén dados de alta como usuarios da biblioteca, e temos o orgullo de contar cun deles entre os 10 mellores lectores/as. (Ver lista máis abaixo, marcado en verde)
- **“Familias lectoras”.** Temos dadas de alta a 4 familias que son usuarias asiduas dos nosos materiais, vindo en persoa a escoller libros, ou ben facendo peticións, levando e devolvendo os materiais a través dos seus fillos/as. Dentro destas familias lectoras contaremos a unha ex-alumna que nos vén visitar todo o frecuentemente que pode, e leva/trae libros prestados a través do seu irmán. Mostra da importancia e volume do seu uso é que aparezan entre os 10 primeiros postos (temos que quitar os usuarios “Caixa de Hora de Ler” de cada grupo, o usuario “Departamento de Lingua Galega” e as 2 profesoras de LG e FR, membro e coordinadora da biblioteca escolar, respectivamente, que polas nosas características intrínsecas somos os que máis usamos o préstamo). Velaquí a lista:

1	S L L	44 préstamos	
2	I T A	36	
3	R R R	36	
4	Guillán T., Enrique (PAS)	31	
5	APONTE F., Luz Amparo (Nai)	30	
6	K PdV M J	27	
7	R R, Lúa (ex-alumna)	26	
8	LESTÓN S., Mª Dolores (Nai)	25	
9	Ces Carou, Lucía (profesora)	18	
10	FIGUEROA G., Luis (Pai)	16	



4. **Avaliación das actividades desenvolvidas e funcionamento da propia biblioteca.**

Temos preparada unha [enquisa xeral](#) pendente de pasar a alumnado e estamos en proceso de elaborar outra específica para o profesorado, que distribuiremos pasada esta semana de exames de avaliación. Gustaríanos en particular poder reflectir o uso real da biblioteca por parte do profesorado dos diferentes departamentos e materias... pero quedamos curtos de tempo dada a data de entrega desta memoria.

Dende os cambios feitos na avaliación pola Consellería, atopamos que a temporalización é complicada de conxugar: por un lado esa especie de “dobre avaliación” en xuño, e por outro, a entrega desta memoria...



Sería desexable que a entrega das memorias e documentación do PLAMBE tiveran lugar despois da avaliación final, para poder levalo todo con máis calma, e incluír as derradeiras actividades da biblioteca neste curso (entrega de diplomas, premios aos mellores lectores, etc...).

5. Previsións de futuro

Velaquí as nosas proposicións:

- Manter o número de membros do Equipo de Biblioteca Escolar, ou aumentalo.
- Manter un número de horas total de dedicación semellante ao deste curso.
- Ofrecernos como coordinadores dun PDI e velar polo seu bo funcionamento, facendo o seu seguimento e buscando o cumprimento.
- Manter a participación do alumnado no programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar.
- Manter os Clubs de Lectura, en convocatoria oficial ou non.
- Mellorar o acondicionamento da biblioteca, adquirindo novos andeis e buscando novos espazos para os materiais.
- Mellorar a integración das familias, ata acada a súa participación nas nosas actividades como algo normal, non excepcional.
- Acompañar ao profesorado/ responsables de departamento na expurgación e reorganización do material da sección da CDU correspondente á súa materia-s.
- Atender todas as peticións de novo material, dos departamentos, profesorado, alumnado e familias.
- Mellorar no uso da plataforma KOHA e aprender a exprimir ao máximo as súas funcionalidades.

6. Persoa designada como responsable. Equipo de apoio. Horario previsto.

Persoa responsable: Reneé Huerta Latrille. Equipo de apoio: seguirá contando no equio con M^a Luz Barreiro Otero e quizais tamén con María Ángeles Abeledo Penas.

Horario mínimo previsto: apertura durante todos os recreos da semana, e atención durante as horas de dedicación específica da coordinadora. Posibilidade de ampliación da atención se hai membros do equipo con dedicación horaria dispoñible.

Sabemos que isto é un ideal, pero recordemos que como se di cada ano na [convocatoria](#), **“Os equipos directivos dos centros, atendendo á normativa vixente, considerarán o funcionamento da biblioteca escolar como unha das necesidades organizativas do centro”**, e cómpre procurar que a biblioteca **“estea aberta, e atendida pola persoa responsable ou por integrantes do equipo de apoio a totalidade do tempo lectivo”**. Ademais **“os equipos directivos dos centros, [...] terán en conta esta circunstancia á hora da distribución horaria de comezo de curso.”** E tamén na [convocatoria](#), no Artigo 10. *Criterios de selección:* (no referente ao horario destinado á atención da biblioteca) **«– En educación secundaria: de 5 horas semanais a menos de 7 horas, 1 punto»** [...].

Carnota, 9 xuño de 2023

A coordinadora da biblioteca

O Director do IES Lamas de Castelo

Asdo.: Renée Huerta Latrille

Asdo.: Iván Díaz Villaverde